

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**17431** *Real decreto 1635/2009, do 30 de outubro, polo que se regulan a admisión dos alumnos en centros públicos e privados concertados, os requisitos que deben cumprir os centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil e a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo no ámbito de xestión do Ministerio de Educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala que as administracións educativas desenvolverán para o ámbito da súa competencia distintos aspectos sinalados nela.

Entre estes aspectos encóntranse os que afectan a admisión dos alumnos en centros públicos e privados concertados mencionados no artigo 84.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os requisitos que deben cumprir os centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil a que se refire o artigo 14.7 da dita lei orgánica, e a atención ao alumnado que presenta necesidade específica de apoio educativo, como establece o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, de educación.

A lei regula a admisión dos alumnos en centros públicos e privados concertados, establecendo os criterios prioritarios para a baremación das solicitudes e outros aspectos, entre os que destaca a distribución equitativa do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Así mesmo, ao regular a educación infantil, establécese que as administracións educativas deben determinar os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil e regular os requisitos que deben cumprir os centros para poder impartir ese ciclo.

Igualmente, a lei encomenda ás administracións educativas adaptar aos centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil outros aspectos regulados con carácter xeral para o resto dos centros educativos.

Finalmente, a lei, co fin de garantir a equidade, establece a obriga das administracións educativas de asegurar os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Do anteriormente exposto deriva a necesidade de establecer unha nova regulación dos distintos aspectos antes sinalados para o ámbito de xestión do Ministerio de Educación que substitúa á actualmente vixente.

O Consello Escolar do Estado emitiu informe sobre este real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

#### Disposiciones xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver aqueles aspectos que, de acordo coa Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, deben ser establecidos polas administracións educativas, no que se refire á admisión de alumnos en centros públicos e privados concertados, os requisitos que deben cumprir os centros para impartir o primeiro

ciclo da educación infantil e a atención ao alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O establecido neste real decreto será de aplicación nos centros docentes do ámbito de xestión do Ministerio de Educación.

## CAPÍTULO II

### Admisión de alumnos en centros públicos e privados concertados

Artigo 3. *Principios xerais.*

1. O proceso de admisión de alumnos que regula este real decreto aplicarase aos alumnos que accedan a centros públicos e privados concertados para cursar as ensinanzas correspondentes á educación infantil, á educación primaria, á educación secundaria obrigatoria, ao bacharelato e á formación profesional e axustarase ao establecido no capítulo III, sobre a escolarización en centros públicos e privados concertados, do título II, Equidade na educación, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O obxectivo fundamental é o de garantir, dentro do dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por pais ou titores atendendo, en todo caso, a unha equilibrada distribución dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo entre os centros escolares públicos e privados concertados.

3. A escolarización dos alumnos en centros públicos e privados concertados debe responder aos seguintes principios xerais:

a) Todos os alumnos nas etapas de escolarización obrigatoria teñen dereito a un posto escolar gratuito que lles garanta unha educación de calidade.

b) Na admisión de alumnos non se poderá establecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social nin se poderá condicionar ao resultado de exames ou probas. Os únicos requisitos exixibles serán os derivados da idade ou os exixidos pola ordenación académica para un determinado ensino ou curso para o cal se solicita praza.

c) O Ministerio de Educación garantizará un posto escolar gratuito a todos os alumnos do segundo ciclo da educación infantil cuxos pais ou titores legais así o soliciten.

d) Os pais ou titores legais teñen dereito a escoller centro educativo de acordo co disposto no artigo 4 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación. Cando o número de postos escolares vacantes de entre os financiados con fondos públicos nun centro sexa inferior ao número de solicitantes, a admisión rexerese polos criterios que se establecen neste real decreto.

e) Co fin de garantir a calidade educativa para todos, a cohesión social e a igualdade de oportunidades, o Ministerio de Educación, mediante unha adecuada programación educativa, garantizará que todos os centros públicos e privados concertados poidan escolarizar alumnos con necesidade específica de apoio educativo, permitindo unha distribución adecuada e equilibrada deste alumnado.

f) En ningún caso poderán os centros públicos ou privados concertados percibir cantidades das familias por recibir as ensinanzas declaradas gratuítas, impor ás familias a obriga de facer achegas a fundacións ou asociacións nin establecer servizos obrigatorios, asociados ás ensinanzas, que requiran achega económica, por parte das familias dos alumnos, coas excepcións que ao respecto establece o artigo 51 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

g) A matriculación dun alumno nun centro público ou privado concertado suporá a obriga de respectar o seu proxecto educativo que, no caso dos centros privados concertados, inclúe o carácter propio deste, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos aos alumnos e ás súas familias na normativa vixente, así como dos establecidos na letra b deste punto.

h) Os centros públicos e privados concertados están obrigados a manter escolarizados todos os seus alumnos, ata o final do ensino obrigatorio, salvo cambio de centro producido por vontade familiar ou por aplicación dalgún dos supostos previstos na normativa sobre dereitos e deberes dos alumnos.

#### Artigo 4. *Requisitos.*

1. Para ser admitido nun centro docente, será necesario reunir os requisitos de idade e, se é o caso, os requisitos académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente para o ensino e curso a que se pretenda acceder.

2. De acordo co artigo 84.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando non existan prazas suficientes o proceso de admisión rexeráse polos seguintes criterios prioritarios:

- a) Existencia de irmáns matriculados ou pais ou titores legais que traballen no centro.
- b) Proximidade do domicilio ou do lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais.
- c) Rendas anuais da unidade familiar, atendendo ás especificidades que para o seu cálculo se aplican ás familias numerosas.
- d) Concorrenza de discapacidade no alumno ou nalgún dos seus pais ou irmáns.

En ningún caso os criterios de valoración enunciados neste punto terán carácter excluínte.

3. Para as ensinanzas de bacharelato, ademais dos criterios anteriores, atenderase ao expediente académico do alumno.

4. De acordo co artigo 7.3 do Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, para os efectos antes citados, valorarase a condición de familia numerosa.

5. Conforme o artigo 85.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos procedementos de admisión de alumnos aos ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de formación profesional, cando non existan prazas suficientes, atenderase exclusivamente ao expediente académico dos alumnos con independencia de que estes procedan do mesmo centro ou doutro distinto.

6. Igualmente, de acordo co artigo 85.3 da mencionada lei, aqueles alumnos que cursen simultaneamente ensinanzas regradas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria terán prioridade para ser admitidos naqueles centros que impartan ensinanzas de educación secundaria que a Administración educativa determine. O mesmo tratamento se aplicará aos alumnos que sigan programas deportivos de alto nivel ou alto rendemento.

7. De acordo co artigo 84.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os centros públicos adscritos a outros centros públicos, que impartan etapas diferentes, consideraranse centros únicos para os efectos de aplicación dos criterios de admisión do alumnado establecidos neste real decreto. Así mesmo, nos centros públicos que ofrezan varias etapas educativas o procedemento inicial de admisión realizarase ao comezo da que corresponda á menor idade.

8. De acordo co artigo 84.8 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos centros privados concertados que impartan varias etapas educativas, o procedemento inicial de admisión realizarase ao comezo da oferta do curso que sexa obxecto de concerto e que corresponda á menor idade. Este procedemento realizarase de acordo co establecido para os centros públicos.

## CAPÍTULO III

**Requisitos dos centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil**Artigo 5. *Principios xerais.*

1. Os requisitos que deben cumprir os centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil deberán ser definidos en función das características dos alumnos aos cales se atende e responderán ás exixencias de calidade do contorno que debe servir de marco ao servizo educativo neste ciclo.

2. Os centros, dentro dos requisitos de accesibilidade definidos con carácter xeral, deberán reunir as condicións necesarias para escolarizar os alumnos con discapacidade.

3. Todos os centros, públicos ou privados, que impartan o primeiro ciclo da educación infantil deberán cumprir os requisitos que determine o Ministerio de Educación.

4. Os centros privados que impartan o primeiro ciclo da educación infantil requirirán para o seu funcionamento da autorización do Ministerio de Educación, que a concederá sempre e cando cumplan os requisitos establecidos.

Artigo 6. *Requisitos.*

Os requisitos que deben reunir os centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil deberán comprender:

- a) Instalacións.
- b) Requisitos de titulación dos profesionais.
- c) Relación numérica alumnado-profesor.
- d) Outros requisitos que determine o Ministerio de Educación.

## CAPÍTULO IV

**Alumnado con necesidade específica de apoio educativo**Artigo 7. *Principios xerais.*

1. Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que require determinados apoios e atencións específicas por presentar necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

2. O Ministerio de Educación asegurará os recursos necesarios para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

3. Así mesmo, establecerá os procedementos e recursos precisos para identificar cedo as necesidades educativas específicas do citado alumnado e iniciará a súa atención integral, rexida polos principios de normalización e inclusión, desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada.

4. Ademais, garantirá a súa escolarización, regulará e asegurará a participación dos pais ou titores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado e adoptará as medidas oportunas para que os pais reciban o adecuado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que lles axude na educación dos seus fillos.

5. Co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, o Ministerio de Educación desenvolverá accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables e proverá recursos económicos e os apoios precisos para iso, reforzando a acción do sistema educativo de forma que se eviten desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

Artigo 8. *Aspectos que hai que desenvolver.*

1. O Ministerio de Educación, de acordo coa disposición derradeira primeira deste real decreto, ordenará para o ámbito da súa competencia a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esta ordenación recollerá todos aqueles aspectos que permitan a atención integral aos alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, con altas capacidades intelectuais ou que se incorporaron tardiamente ao sistema educativo español.

2. Igualmente, desenvolverá os aspectos referidos á avaliación psicopedagóxica dos alumnos antes mencionados.

Disposición adicional primeira. *Admisión de alumnos nos centros que imparten ensinanzas de réxime especial e nos centros de educación de persoas adultas.*

1. A admisión nos centros públicos e privados concertados para cursar os distintos graos das ensinanzas artísticas previstos no capítulo VI do título I da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, rexeráse polas normas específicas que, de acordo co disposto na citada lei, regulen o currículo, os criterios de ingreso e as probas de acceso a cada unha das ensinanzas.

2. A admisión de alumnos para cursar as ensinanzas deportivas en centros públicos e privados concertados así como a admisión nas escolas oficiais de idiomas e en centros de educación de persoas adultas rexeráse pola normativa específica que, para o efecto, estableza o Ministerio de Educación.

Disposición adicional segunda. *Admisión de alumnos en centros que imparten o primeiro ciclo da educación infantil.*

A admisión de alumnos en centros que imparten o primeiro ciclo da educación infantil rexeráse pola normativa específica que ao respecto estableza o Ministerio de Educación. Esa normativa recollerá, en todo caso, o establecido no artigo 84.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición transitoria única. *Aplicación de diversas normas.*

Ata a publicación da normativa que, en desenvolvemento deste real decreto, regule o réxime de admisión do alumnado, os requisitos dos centros que impartan o primeiro ciclo da educación infantil e a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, os ditos aspectos rexeráse polo establecido no Real decreto 113/2004, do 23 de xaneiro, polo que se desenvolven os aspectos educativos básicos e a organización das ensinanzas de educación preescolar, e se determinan as condicións que deberán reunir os centros desta etapa, o Real decreto 366/1997, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime de elección de centro educativo, o Real decreto 696/1995, do 28 de abril, de ordenación da educación dos alumnos con necesidades educativas especiais e o Real decreto 299/1996, do 28 de febreiro, de ordenación das accións dirixidas á compensación de desigualdades en educación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única deste real decreto, quedan derogadas as normas que a continuación se indican:

1. Real decreto 1333/1991, do 6 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil.

2. Real decreto 113/2004, do 23 de xaneiro, polo que se desenvolven os aspectos educativos básicos e a organización das ensinanzas de educación preescolar, e se determinan as condicións que deberán reunir os centros desta etapa.

3. Real decreto 366/1997, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime de elección de centro educativo.

4. Real decreto 696/1995, do 28 de abril, de ordenación da educación dos alumnos con necesidades educativas especiais.

5. Real decreto 299/1996, do 28 de febreiro, de ordenación das accións dirixidas á compensación de desigualdades en educación.

6. Quedan derogadas as demais normas, de igual ou inferior rango, en canto se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Educación a desenvolver os aspectos recollidos neste real decreto, de acordo co establecido na disposición derradeira sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación das normas de admisión.*

O proceso de admisión de alumnos que regula este real decreto aplicarase ao alumnado que acceda a centros públicos e privados concertados a partir do curso académico 2010-2011.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL